	<p>As reunións do Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Reunións telemáticas.○ Presenciais, sempre e cando a evolución da covid o permita. Neste caso, as reunións levaríanse a cabo nun espazo que garanta a distancia de seguridade e con ventilación suficiente, coma a sala de usos múltiple. <p>Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Reunións da directiva: ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.▪ Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse, preferentemente, de xeito telemático. No caso da necesidade de facela de modo presencial, terían lugar no espazo habitual, o comedor, por tratarse dun lugar que garante a distancia de seguridade axeitada, mantendo as medidas de ventilación e desinfección pertinentes. Proponse a confirmación de asistencia para poder controlar o aforo. De ser superado, proponse solicitar un espazo municipal axeitado para tal fin.
39.	Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias
	<p>As reunións de titorías e comunicacións coas familias priorizarase e primará como norma xeral, a entrevista por teléfono ou por videochamada, deixando constancia por escrito da mesma. O procedemento para solicitar a titoría será o habitual: previa cita solicitada polas canles establecidas por cada titor/a (abalarMóbil, correo electrónico, solicitude por escrito na axenda...).</p> <p>Cando o asunto o requira, a reunión poderá ser presencial. Os requisitos para celebrala serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none">- Unha persoa representante da familia (pai ou nai) será o máximo permitido.- Gardando a distancia de seguridade e o uso de máscara.- Comunicarase a presenza no centro dunha persoa allea ao persoal habitual á persoa membro do Equipo Covid do pavillón onde teña lugar a reunión. Hai que facilitar nome e apelidos da persoa e un teléfono de contacto e o nome do mestre/a co que se reunirá.- Se a familia desexa ver exames ou outro tipo de documentos, farase unha copia do orixinal para que os papeis non sexan manipulados conxuntamente. As copias destruíranse ao remate da reunión. <p>Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e outrossistemas (abalarMóbil) cando proceda.</p>



40. Normas para a realización de eventos

Se a situación epidemiolóxica o permite,, este curso realizaranse actividades e celebracións de centro mantendo as medidas de seguridade e hixiene vixentes.

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo sempre ao aire libre.
- Facer as labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.

En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo unha boa oportunidade para explotar os numerosos recursos que ofrece a nosa vila e que están pendentes de desenvolver dentro do proxecto Erasmus+.

Id.	Medidas para o alumnado transportado
------------	---

41.	Medidas
------------	----------------

O aforo dos autobuses será o determinado polo órgano autonómico ou estatal competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.

Os/as acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán porque todos/as os/as ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Con carácter xeral, cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos, quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 Km). No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

Os autobuses farán a parada, como é habitual, fóra do recinto escolar, nos espazos determinados para cada un. Os/as ocupantes dos autobuses baixarán de maneira graduada segundo van chegando os vehículos. No caso de coincidir na chegada, ata que non saian todos/as os/as ocupantes do primeiro, non poderán facelo os/as dos seguintes.

O alumnado sairá e accederá ao recinto pola beirarrúa, reservada exclusivamente para eles, nos sentidos de circulación marcados e mantendo ringleiras coa suficiente distancia de seguridade e terá preferencia de entrada e saída do centro con respecto ao resto, para facilitar a súa mobilidade e seguridade.

Unha vez dentro do recinto, seguirán o percorrido ata as súas aulas, independentemente do momento no que cheguen.

Á saída, cando vaian acompañados polo mestre/a que estivo co grupo na última sesión, dirixiranse ao autobús que lles corresponde pola beirarrúa. No caso do alumnado de Educación Infantil, será acompañado polos apoios da etapa ao punto de encontro establecido na planta baixa do pavillón 3 para ser recollido polos acompañantes do servizo de transporte.



Id.	Medidas de uso do comedor
------------	----------------------------------

42.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado
<p>Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.</p> <p>Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, especificamente manteranse os Grupos de Convivencia Estable (GCE) conformados durante o horario lectivo. O alumnado ocupará sempre o mesmo sitio. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.</p> <p>O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino infantil e no de primaria pode comer agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros ou ben separaranse con mamparas.</p> <p>Aquel alumnado que non constitúa GCE estará separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou ben separaranse por mamparas.</p> <p>Cando se utilicen mamparas estas terán altura suficiente e de, cando menos 0,60cm cando se sitúen sobre o mesado.</p> <p>Cando con ningunha das combinacións previstas no apartado anterior sexa suficiente para garantir o servizo, as medidas a adoptar nos comedores por orde de prioridade ou combinadas, serán as seguintes:</p> <p>a) Utilizar espazos lindeiros ao comedor con mobiliario do que dispón os centros de xeito que se cumpran os requisitos previstos nos puntos anteriores.</p> <p>b) Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse (incluíndo a flexibilización da última hora de horario lectivo) en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado ao rateo dos comensais que coman en cada quenda.</p> <p>Os locais utilizados no servizo de comedor ventilaranse con ventilación cruzada cando menos 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda. As portas permanecerán abertas e se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.</p> <p>Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...</p> <p>Nos centros nos que se sirva a comida mediante unha liña de autoservizo, o alumnado deberá manter nesta, de forma xenérica, a distancia de seguridade de 1,5 metros entre eles.</p> <p>A persoa responsable do comedor do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.</p> <p>Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os centros garantirán a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.</p> <p>Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.</p> <p>Será necesario ventilar o comedor tras cada quenda un mínimo de 15 minutos.</p> <p>Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.</p> <p>Para as entradas e saídas do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible.</p> <p>O persoal colaborador respectará as rateos que correspondan ao número de alumnos/as presentes en cada unha das quendas.</p>	

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.

O protocolo a aplicar no caso dos centros que dispoñan de cafetería será o que en cada momento este vixente para os establecementos de hostalería, incidindo en que o uso da máscara é obrigatorio, agás no momento específico da alimentación.

No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

Para respectar a contención dentro do centro, as quendas de comida coincidirán co alumnado en función da súa ubicación no centro:

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL, A QUENDA DE COMEDOR COMENZARÁ ÁS 13:50 H

O ALUMNADO DE 1º, 2º E 3º DE PRIMARIA, ENTRARÁN A COMER ÁS 14:30 H

O ALUMNADO DE 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA, ENTRARÁN A COMER ÁS 15:15 H

Os menús serán os utilizados habitualmente segundo a tempada.

43. Persoal colaborador

O persoal colaborador respectará as ratios que correspondan ao número de alumnos presentes en cada unha das quendas. O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas e o número variará segundo o volume de usuarios.

44. Persoal de cociña

O persoal de comedor encargado da limpeza ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
------------	---

45.	Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...
------------	---

Na medida do posible, mediante a asignación de grupos ou de horarios, a norma xeral é que o alumnado non cambiará de clase agás nos supostos excepcionais. As aulas que se compartirán serán aulas de especialidade, biblioteca, aulas de Relixión, PT, AL, os espazos destinados aos departamentos de Orientación.

Extremaranse as medidas de hixiene e de ventilación por tratarse de espazos compartidos:

- ❖ É obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.
- ❖ Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica.
- ❖ O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo. Onde a materia o permita, substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.
- ❖ En cada unha das materias adaptarase a metodoloxía da aula, evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso, evítase que o alumnado estea encarado a unha distancia menor a un metro.

Salas de reprografía

Aínda que non é un espazo de uso educativo como tal por parte do alumnado, xa que é empregado maioritariamente polo profesorado para facer traballos de reprografía, é conveniente establecer pautas, xa que son moitas as persoas que, ao longo do día, pasan por alí.

Será responsabilidade do usuario seguir as seguintes normas:

- Desinfectar as mans antes de usar as fotocopiadoras, ordenador, encadernadores e plastificadora.
- Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.
- Limitar o aforo según as dimensións da sala.
- Uso obrigatorio de máscara.

46.	Educación física
------------	-------------------------

Tomando como referencia os protocolos FISICOVID das federacións galegas de fútbol e baloncesto, que elaboraron conxuntamente coa Secretaría Xeral para o Deporte, e xunto coas normas xerais reflectidas nesta adaptación, propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de Educación Física:

Actividades:

- Priorizaranse as tarefas individuais e de intensidade baixa/media, así como deportes individuais ou de parella sen contacto físico.
- Evítanse xogos e/ou deportes colectivos nos que se comparte espazo e material, por non poder garantir a distancia mínima de seguridade.
- De ter que organizar grupos de alumnado, recoméndase que estes sexan fixos para evitar ter que facer cambios en cada sesión.
- Marcaranse de forma fixa e diferenciada as zonas de traballo individual así como as zonas de espera nos baños e accesos. Nos almacéns entrará unicamente o mestre.

- Priorizarase o uso de espazos exteriores sempre que o tempo atmosférico o permita evitando que se xunten grupos no exterior.
- Poderán prescindir do uso da máscara sempre que a actividade física se desenvolva no exterior e se mantéña unha distancia interpersonal de máis de 2 metros.

Materials:

- Extremaranse as medidas de hixiene e desinfección no inicio/durante/final da actividade.
- Evitarase o uso de material compartido entre o alumnado e, en caso de ser imprescindible, a opción máis recomendable será o uso en parellas de forma alterna con emprego de hidroxel durante a o seu uso.
- O material empregado polo mestre/a para a organización do espazo (por exemplo conos) deberá ser desinfectado ao rematar.
- O material empregado polo alumnado gardaranse en caixóns de desinfección con solución hidroalcolica deixándoa actuar durante unha sesión. Polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.
- Non se empregarán recursos textiles ou de foam por non ser posible a súa desinfección.
- O reparto do material será realizado polo mestre/a, evitando contactos e aglomeracións.
- O material persoal de cada alumno terá un espazo diferenciado para evitar que entre en contacto co do outro alumnado e organizarase de modo que se eviten aglomeracións.
- Os alumnos deberán traer unha botella con auga para evitar ter que beber no baño así como tamén se recomenda traer na bolsa unha máscara hixiénica de repostro por se fose necesaria. A retirada será depositada nas papeleiras de pedal e en caso de ser reutilizable, gardarase na bolsa persoal do alumno/a.
- As bolsas de aseo non quedarán na aula e o alumnado responsabilizarase do seu material evitando que quede extraviado nos pavillóns.

Hixiene e protección:

- As medidas de hixiene e protección serán as mesmas que na aula ordinaria, incluíndo máis puntos de material hixienizante para poder ser empregado durante a sesión.
- Antes da saída, o alumnado lavará as mans respectando o aforo establecido nos baños para evitar aglomeracións e aplicará xel hidroalcohólico na entrada e saída do ximnasio/pavillón.

Sempre que sexa posible, os alumnos deberán manter a distancia de seguridade interpersonal evitar en todo momento o contacto físico.

- O ximnasio/pavillón quedará aberto para a ventilación durante o tempo necesario entre sesión e sesión e desinfectaranse as superficies de contacto como: baños e lavabos, bancos... Por ese motivo é preciso respectar os horarios deixando unha marxe de tempo para evitar que nos desprazamentos á aula coincidan dous grupos e permitir que o persoal de limpeza dispoña de tempo suficiente para realizar o seu traballo.

47. Cambio de aula

Ao longo deste curso soamente se contemplan catro situacións nas que poden ser necesarios cambios de aula:

- Para ir á aula de música
- Para ir ao ximnasio / pavillón polideportivo
- Para ir á aula de inglés



- Asistencia a sesións de PT/AL.

Cando un grupo de alumnado deba cambiar de aula, farao en fila de un e respectando a distancia de 1m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo pola parte dereita do corredor.

No caso das aulas de música, ximnasio e aulas de inglés, para garantir que os espazos están baleiros e ventilados, o alumnado esperará na súa aula a que o mestre especialista os vaia buscar. O pavillón queda exento deste aspecto, xa que o tránsito para acceder ao mesmo é na súa meirande parte no exterior e as dimensións do pavillón o permiten.

48. Biblioteca

A biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas.
A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antese despois da estancia na sala.

Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles. Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual.

Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

As persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo

49. Aseos

O número de persoas permitido en cada aseo estará indicado na porta para información e autocontrol do alumnado que poida usalo con autonomía e, coa axuda dos adultos nos casos que o precisen.

Os aseos serán usados como ata agora, polo alumnado que permaneza no corredor correspondente de cada pavillón.

Terán que levar da aula o xabón para lavar as mans e o papel hixiénico, como xa se facía antes.

Na porta de cada aseo haberá un dispensador de xel hidroalcolico.

Respectarán os tempos de limpeza e agardarán o turno para entrar no lugar sinalado no caso de estar ocupado.

Id. Medidas especiais para os recreos

50. Horarios e espazos

- Realizaranse dúas quendas de recreo:

- de 12:00h a 12:25h – Alumnado pavillóns 1 e 3
- de 12:25h a 12:50h – Alumnado pavillón 2

- Tanto o alumnado de infantil como o de primaria empregará as rutas de entrada e saída que utiliza para as entradas e saídas do colexio

- As zonas serán as mesmas durante o curso, podendo compartir espazos, **sempre que a situación epidemiolóxica o permita.**

- O uso da máscara é obrigatorio en todo momento en Educación Primaria e favorecerase en Educación Infantil.

- Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula, e, usando máscara, permitirase a interacción entre mesmos de diferentes grupos dentro da mesma aula. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas durante todo o recreo.


- Poderán compartirse obxectos coas medidas de hixiene necesarias.

ZONAS DE XOGO PARA PAVILLÓNS 1 E 2

- Crearanse 18 zonas diferenciadas que garantan que cada aula pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social. Sempre que a situación epidemiolóxica o permita, as aulas do mesmo nivel educativo poderán compartir as zonas asignadas para o tempo de recreo.



ZONAS DE XOGO PAVILLÓN 3



51. Profesorado de vixilancia

Realizarán as vixilancias de recreo os Mestres/as asignados no cadro de gardas, como se ven realizando habitualmente.

Os cambios respecto a anos anteriores virán determinados pola situación espacial dos grupos no recreo. Cada mestre/a de garda terá asignada a vixilancia directa de 2 grupos en Educación Primaria e de 1 grupo en Educación Infantil.

52. Os patios en Educación Infantil

As características propias dos nenos e nenas de 3 a 6 anos no ámbito afectivo, psicomotor e intelectual fan imprescindible definir unhas medidas máis específicas para esta etapa educativa.

En canto á relación entre iguais, formaranse grupos burbulla, que pasarán a ser grupos formados por alumnado do mesmo nivel educativo se a situación epidemiolóxica o permite. Nos patios haberá espazos diferenciados para cada nivel (ver o plano).

Os elementos de xogo dos patios de recreo poderán ser empregados posto que co acotamentado espazo que ocupan o espazo libre dispoñible para moverse redúcese de maneira considerable, dada a ratio de alumnado que temos.



Id.	Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria
------------	--

53.	Metodoloxía e uso de baños
<p>Ao inicio da xornada, antes do comezo da primeira sesión, realizaranse rutinas que lembren as normas de hixiene e a concienciación do alumno coa pandemia, actividades que se presentarán como algo lúdico.</p> <p>Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcohólico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que no caso nos dispensadores no deben de ser accesibles sen supervisión.</p> <p>Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo. No caso de ter unha mesa longa ou espazosa asignaranse mediante sinaléctica os espazos que poden utilizarse separados por unha distancia de entre 1 e 1,5 metros.</p> <p>Para o xogo en recantos (ambientes) delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección posterior ao seu uso, tanto do espazo e como dos materiais, que deberían ser de fácil desinfección. Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios.</p>	

54.	Actividades e merenda
<p>A merenda realizarase na aula en Educación Infantil, antes de saír ao recreo, sentados e coa vixilancia necesaria por parte do/a profesor/a para ter mellor control da limpeza de mans, de que non se compartan alimentos, de alerxias e de recollida de residuos, como se ven facendo habitualmente. No caso de Primaria, a merenda tomarase no patio, como habitualmente.</p> <p>Nos recreos débese reforzar a vixilancia, procurando evitar o contacto, organizando distintas quendas por niveis e e en espazos diferenciados. O uso da máscara é obrigatorio neste tempo para o profesorado e o alumnado de primaria e moi recomendable para o de infantil polo que supón de creación de hábitos de protección.</p>	



Id.	Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres
------------	--

55.	Emprego do equipamento
<p>O centro non dispón de laboratorio.</p> <p>En canto ao clube de código que se desenvolve no tempo de recreo, o alumnado asistente será de 15 alumnos por grupo para poder respectar as distancias de seguridade establecidas.</p> <p>Asiste alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.</p> <p>Ademais, os dispositivos informáticos serán desinfectados ao inicio e ao final da sesión.</p> <p>O resto de medidas son as mesmas que nos restantes espazos do centro.</p>	

Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

56. Medidas

- Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.
- O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.
- No caso do alumnado que non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

57. Medidas e tarefas. Seguimento

As medidas de hixiene e seguridade serán, nun principio, as mesmas que co resto do alumnado.

Agardarase a unha entrevista coas familias do alumnado cunha diagnose máis complexa, sanitariamente falando, para concretar as medidas a tomar, que serán recollidas neste documento con posterioridade.

Id. Previsións específicas para o profesorado

58. Medidas

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

As reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, pero primaranse os medios telemáticos.

Salas de xuntanzas/Titorías

En todo momento se respectará o aforo marcado en cada espazo e, en todo caso, non poderá haber persoas a menos de 1,5 metros de separación.

Todo o mobiliario que se utilice deberá ser desinfectado antes e despois do seu uso.

As fiestras permanecerán abertas durante toda a xornada lectiva, haxa ou non persoas na sala.

O uso da máquina expendedora de café terá que ser desinfectada cada vez que se use (antes e despois do seu uso).

Para compartir alimentos, haberá que ter en conta que será exclusivamente entre adultos, quedando prohibido proporcionar calquera alimento ao alumnado sexa cal sexa a circunstancia (olvido de merendas, alumnado sen almorzar...).

59. Órganos colexiados

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

Agás nos casos nos que resulte imposible pola necesidade de cumprir prazos perentorios, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.



As reunións de claustro, cando se celebran de maneira presencial, terán lugar en espazos moi amplos, coma o ximnasio ou salas municipais cedidas para tal fin. No caso de que a situación o impida, empregárase a comunicación telemática.

O Consello Escolar seguindo as instrucións facilitadas no protocolo celebrárase de maneira telemática.

Id.	Medidas de carácter formativo e pedagógico
60.	Formación en educación en saúde <p>O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa, tal e como recollen as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID_19 para centros educativos no curso escolar 2020-21, páx. 15, 16. Para iso:</p> <ul style="list-style-type: none">- Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.- Enviarase a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir.- Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias. <p>Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Así mesmo, estas actividades débense incluír de maneira transversal nos programas e actividades de educación e promoción da saúde</p>
61.	Difusión das medidas de prevención e protección <p>A Consellería de Sanidade e o SERGAS impartirán mediante fórmulas de tele- formación, a información e formación suficiente para os centros educativos sobre as medidas xerais de prevención e protección. Dentro da oferta formativa do Plan de formación do profesorado para o curso 2020/2021 incluíranse cursos impartidos por profesionais sanitarios.</p> <p>Empregaranse todas as canles de comunicación habituais no colexio para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade. Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese</p>
62.	Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais <p>A Aula Virtual do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippontebrozos/aulavirtual/, con acceso dende a páxina web https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippontebrozos/ do mesmo, facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e FP, empregárase, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, como se viña facendo durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.</p> <p>Habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para o alumnado, en especial, o máis pequeno.</p> <p>Nos casos do alumnado no que non sexa posible o uso dos medios telemáticos anteriores, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coa familia e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia: chamada de teléfono e facilitar material físico a través dos medios de distribución empregados noutras ocasións, en colaboración co Concello de Arteixo.</p> <p>Corresponde á persoa coordinadora TIC do centro, asistida de ser o caso polos asesores Abalar, velar polo mantemento da aula virtual. Durante o mes de setembro, antes da asistencia dos alumnos ás aulas, crearanse os “cursos” dentro das aulas virtuais, e así como os usuarios para o alumnado e profesorado, de ser o caso.</p>

Realizaranse as reunións oportunas para informar ao profesorado dos seus usuarios, do modo de ensinar aos alumnos a inscribirse nos cursos, e da formación dispoñible.

Durante os primeiros días de clase, en setembro, os titores de cada un dos grupos, facilitarán ao alumnado a inscrición na aula virtual así como que se matriculen en cada un dos cursos dos que forman parte.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. Dedicará o tempo que precise para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesores e alumnos) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os alumnos estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para á inspectora do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito inspector o seu usuario e clave.

No mes de setembro, os titores identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

63. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso”

En canto ás Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa relativas ás medidas educativas a adoptar no curso académico 2021-2022, é preciso establecer unhas liñas de organización:

- Un **Programa de acollida**, presentado ao Consello Escolar, que será desenvolto nas primeiras dúas semanas de curso e que informará de:

- ✓ Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- ✓ Actuacións de prevención, hixiene e protección a realizar.
- ✓ Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado.
- ✓ Atención dos aspectos emocionais e sociais.

- As **programacións didácticas** recollerán plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas coa finalidade de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente do que ten máis dificultades.

- Será preciso incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior consultando os informes individualizados de xuño, realizar unha avaliación inicial do alumnado e desenvolver os axustes curriculares para elaborar os plans de reforzo, que se estenderán a lo menos durante o primeiro trimestre.

- Revisaranse os obxectivos de área ou materia e competencias en cada nivel para a adecuada adaptación. Entre as súas liñas metodolóxicas propoñeranse tarefas globalizadas que desenvolvan as competencias, o traballo cooperativo, o uso das TIC, a investigación, a autoaprendizaxe e o pensamento crítico e creativo. Os **recursos dixitais** serán os prioritarios e as actividades educativas serán deseñadas para poder aplicar de maneira presencial ou telemática. Os criterios de avaliación adaptaranse para poder valorar os aspectos anteriores.

- A **atención á diversidade** levarase a cabo garantindo o acceso de todo o alumnado ao proceso en calquera dos escenarios (presencial ou a distancia), a comprensión e a comunicación da información axustada á diversidade e as medidas de atención en xeral e, en particular, as referidas ao alumnado con NEAE.

O departamento de Orientación reforzará as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado e o benestar da comunidade educativa e proporcionará asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención á diversidade, adaptándose á situación do momento.

- O **Plan de Continxencia** elaborado polo centro contempla as medidas a tomar no caso de suspensión da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria. O centro adoptará as medidas establecidas e o profesorado, a través da aula virtual do centro, determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e da avaliación continua. establecerase un proceso de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo empregando preferentemente as plataformas e os medios telemáticos corporativos.

64. Difusión do plan

Na páxina web do centro e nas canles que habituais, estará exposto este “Plan de adaptación do CEIP Ponte dos Brozos á situación COVID-19”, á disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa